

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz e Eva Solla Fernández,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

A sombra da megamineiría do ouro planea outra vez por Galiza, e ameaza á comarca de Bergantiños e a súa área de influencia, a mesma onde a Xunta acabou por desbotar a prevista mina de Corcoesto logo de meses de mobilización cidadá.

A Xunta admitiu a solicitude de exploración para buscar ouro sobre máis de 4.300 hectáreas en Santa Comba, Zas, Vimianzo e Coristanco á empresa Grupo M-FM 2001, S.L., con oficinas en Madrid e Marbella.

Tal e como se pode comprobar no anuncio do DOG de hai pouco máis dun mes, a Consellería de Economía admitiu definitivamente a solicitude desta firma para a investigación de 156 cuadrículas mineiras que abranguen os municipios de Santa Comba, Zas, Vimianzo e Coristanco e que foi rexistrada hai xa máis de catro anos.

Ademáis do permiso de investigación xa concedido, Isabela II, a empresa ten solicitado e tramitado outro a maiores denominado Livia, que suporían outras 162 cuadrículas mineiras (4.536 hectáreas) nos municipios de Zas, Santa Comba e Mazaricos, acadando a área un total de máis de 8.900 hectáreas.

A pesares de que é un permiso de exploración, o paso previo ao proxecto de explotación, compre que o Goberno galego teña unha liña definida acerca da megamineiría no noso país.

Debería deixar claro a Xunta si é proclive unha vez máis a apoiar a minería de ouro e outros metais sen valorar outro tipo de condicionantes como as afectacións ao territorio e o medio ambiente, a primar a actividade extractiva fronte a outros sectores produtivos básicos en Galicia como a agricultura e a gandería, e si apoia a mineiría coa técnica extractiva coa utilización de cianuro.

A sociedade galega combateu o proxecto extractivo de Corcoesto para apostar por un modelo económico sustentable e non depredador cos nosos recursos naturais.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Apoia a Xunta de Galicia o desenvolvemento de proxectos de extracción de ouro a ceo aberto e mediante a técnica extractiva da cianurización?
- 2) Considera compatible o desenvolvemento deste tipo de proxectos coa agricultura e gandería sustentables, a actividade forestal e turística?
- 3) Cómo valora a solicitude de permiso de exploración da empresa Grupo M-FM?
- 4) Cál é a situación do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 15/02/2016 11:38:31**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 11:38:38**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 11:38:41**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 11:38:46**



**Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 11:38:50**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 11:38:53**